



## *Labouras agrícolas*

**A arte de recuperar a tradición.**

# O liño

**Atrás quedaron os días de ver-  
dear, crecer e florecer.**

**Chegáronlle os de madurecer.**

**Atrás quedaron os meses de  
maio, xuño e parte de xullo.**

**Chegaron as datas próximas**

**ao Santiago. O liño xa está cumprido. A mistura verde  
e amarela da pranta avísanos de que xa cumpriu e  
que chega o momento de colleitala. Esta data próxima  
ao Santiago tamén é moi sinalada nas labouras do  
liño. ... o momento no que comezan as grandes tarefas  
para conquistar a admirada prenda.**

### A R R I N C A

Todo comeza cando nos achegamos ao liñar para arrincar a pranta madurecida e cun sentir de ledicia pola festa que se vai producir entre os mozos e as mozas, novos e non tan novos. Arrancaremos as prantas de liño con moito tento para non as romper e para que non lles caia a semente a aquelas que xa avanzaron máis na maduración. Sacudíremoslle a terra da raíz contra a punta do zapato. As manadas que iremos arrincando poñerémolas nun feixe chamado **marruco**, de xeito que o vagazo quede sempre para o interior do feixe, é dicir, que as manadas



*Arrinca do liño e colocación en feixes para levar á aira para ripar.*

Foto: Carlos G. Hervella

queden sempre contrapeadas. O marruco atarémolo cun vencello feito con dúas manadas de liño atadas entre si pola parte superior, nunca polas raíces. O motivo de facer estes feixes é o de poder acarrear o liño á aire onde acometeremos o seguinte proceso que será o de ripalo.

## R I P A



*Ripa do liño.*

Foto: **Carlos G. Hervella**



*Ripa do liño (ós pés do ripo cae a baga).*

Foto: **Carlos G. Hervella**

Para facer a ripa levaremos os feixes cos marrucos á aire e adoitaremos extender unha manta vella feita ao cardante debaixo do banco de madeira que suxeita na súa parte central o ripo. Sobre este banco sentaranse, a un e outro lado do ripo, dúas persoas que se encargarán de ir pasando os marrucos en pequenas manadas polos largos, estreitos e xun-

tos dentes de madeira do ripo. Nalgúns casos os dentes son redondeados e de ferro, para arrincar ou ripar o vagazo que está preso á pranta e que contén no seu interior a semente. Deste xeito poderemos acometer os seguintes procesos. A palla de liño, limpa, sen a vaga, voltaremos a enguala en feixes chamados **empozadoiros**. Farémolo sempre coa raíz para fora do interior do feixe. Neste caso atarémolo cun vencello de palla de centeo para que cando o enriemos non empodreza o atado e se desfagan os feixes no momento do desenriado, ou mentres está na auga.

## E N R I A D O

Desde que rematamos de ripar e enguar o liño nos empozadoiros (en feixes), cargáremos no carro para levalos a enriar, á auga do río que xa a finais de xullo corre moi paseniñamente por entre os coios do cauce e que a modo pasa polas pozas que fai o río. Nesas mansas, templadas e mazadas augas, afondaremos o liño de xeito que a súa disposición sexa lonxitudinal, ao xeito de correr a auga, facendo que lle entre pola raíz dunhas manadas e saia tamén pola raíz da outra. Así conseguiremos que a pranta se enchope e coza mellor. Esta disposición da pranta na auga cuidaremos moito que se faga como se describe. Os empozadoiros teñen que estar completamente fundidos na auga. Para elo cargáremos de pedras que no mesmo cauce do río colleremos. Nesta posición permanecerán ao longo de nove días.

## S E M E N T E

Mentres o liño cocé nas mansas e corredías augas do río, debemos cuidar que o vagazo seque. A vaga, cápsula de forma globosa,



### *Enriado.*

Foto: **Carlos G. Hervella**

que nos caiu do ripo, extenderémola na mesma manta ao sol para que remate de madurecer e abrir. Deste xeito deixará libre a liñaza que se atopa aloxada no seu interior. De seguido, cando xa está ben seca, deberemos aventar a liñaza para separala de todos os restos de anacos de palla, follas, etc., que nos impidan gardala. Gardaremos a liñaza nun fardel, polo xeral feito de lenzo ou estopa, e así conservaremol para o ano seguinte.

### **D E S E N R I A D O**

Rematado o periodo no que está enriado o liño (nove días), acudiremos novamente ao río, meterémonos na auga, e nese mesmo lugar ou nun próximo á orela, onde nos sexa máis doado, sacaremol as pedras aos empozadoiros e arrastraremolos á flor da auga para abrilos e ilos partindo en cantidades pequenas, aproximadamente a cantidade que, collida pola punta, non pola raíz, nos poida coller nunha mao. De seguida e a medida que o imos

### **S E C A D O**

repartindo ímolo lavando moi ben na mesma auga para sacarlle toda a broza que poidese acumular no tempo que estivo na auga, a

terra que lle poidese quedar na raíz e a que a propia pranta acumula. Deste xeito conseguiremos liberalo da maior suciedade posible para acometer os seguintes procesos.

Segundo vai estando limpo, irémolo levando a estender para que seque. Para elo, cando xa rematamos de lavallo, xuntaremos todas as puntas e torcerémolas entre si, facéndolle unha especie de moño que lle impedirá desfacerse cando o extendamos e cando o macemos. O extendido faise poñendo o maza doiro que acabamos de lavar de pé, coa raíz contra o chao, nun lameiro. Para que se manteña de pé separaremos un pouco as raíces unhas de outras, en aproximadamente tres partes, forman-




Elaboración do liño

Debuxo do natural de **J. Cuevas**. *La Ilustración Gallega y Asturiana* nº 23 - 1880

do unha especie de tres pés, permanecendo sempre xunguido polas puntas onde lle fixemos o moño. Nesta disposición mantérmolo até que día tras día seque completamente. Ao seu redor extenderemos os vencillos de palla de centeo que gardaremos para volver a atar os mazadoiros secos e deste xeito podelos levar ao lugar onde se faga o seguinte proceso.



Colleita do liño, en 1992. Tamaño do liño ós 14 días de nacer. Foto: **C. G. Hervella**



Extensión de liño ós 21 días. Foto: **Carlos G. Hervella**



Extensión de liño florecido. Foto: **Carlos G. Hervella**



Detalle de *Un día de mercado*  
Debuxo de Francisco Pradilla en *La Ilustración Gallega y Asturiana* nº 9 - 1881.